

Acordo da Comisión de TFGS do 06/02/2019 sobre a necesidade de incluír nos informes do director/es a información relativa ao resultados do control de plaxio obtidos polo software específico:

- *A respecto do contido do Acordo da Xunta de Facultade do 13/05/2015 sobre TFGs onde se recomenda que o titor realice, dentro do espazo reservado na aplicación informática (Secretaría Virtual), una “declaración sobre a orixinalidade e autoría do traballo presentado polo estudante”, e do mandato do artigo 10.3.c) do Regulamento de Traballos de Fin de Grao nos títulos da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña, que establece que no informe motivado do director/a ou directores/as dentro do procedemento simplificado figure un “apartado referido á orixinalidade do traballo”, a Comisión de TFGs da FEE acordou na súa reunión do 06 de febreiro de 2019 o seguinte:*
- *No relativo á orixinalidade do TFG que se somete a avaliación –tanto no procedemento xeral como no simplificado–, os informes do director/a ou directores/as deberán incluír unha referencia clara aos resultados obtidos do control de similitudes realizado coas aplicacións específicas para tal cometido (porcentaxe de similitude).*
- *Corresponderá ao director do TFG formular no seu informe as explicacións e ou xustificacións do nivel de similitude detectado pola aplicación, de ser oportuno consonte o seu criterio.*
- *Finalmente, malia que nas reunións informativas sobre o funcionamento do software de detección de similitudes se indicou que “los tutores deberían obtener el documento que contiene los resultados del control realizado con el software de detección de similitudes, para que los alumnos lo incorporen en la documentación en ambos procedimientos (ordinario y simplificado)”, a identificación de certos problemas operativos para levar a cabo tal actuación aconsella que a comisión de TFG acorde non requirir a presentación do dito documento. Non obstante, o titor deberá poder xustificar a información que fai constar no informe do TFG que presente na Secretaría Virtual do profesorado, dentro do procedemento xeral e/ou simplificado.*